

Organismo: Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

EXTRACTO da Orde do 11 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR352B).

BDNS (identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Entidades sen ánimo de lucro que establezan accións específicas de conformidade cos seus estatutos para a inserción das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, e que estean a desenvolver actividades de promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa promoción do emprego, o autoemprego e o desenvolvemento local.

Segundo. *Obxecto*

Financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais, a través da concesión de axudas e subvencións para a contratación nesta convocatoria do ano 2024 ou prórroga da contratación concedida na convocatoria do ano 2023 de axentes de emprego e



unidades de apoio (procedemento TR352B), que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de emprego no ámbito das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 11 de setembro de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para contratar axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR352B).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase 1.200.085,44 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

(NON ESCRIBIR NO DORSO)



Insírase

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 29/09/2021; DOG nº 195, do 08/10/2021) e

(Decreto 147/2024, do 20/05/2024; DOG nº 101, do 27/05/2024)

Joaquín Macho Canales

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

